



A Asociación de Escritores en Lingua Galega leu onte un manifesto diante da estatua de Rosalía

OLALLA LOJO

**"A XUNTA AMEAZA CON DERRUBAR O EDIFÍCIO QUE OS SÉCULOS LEVANTARON"**

# Os escritores denuncian a "política de odio" do PP

A Mesa Pola Normalización Lingüística levará os cambios na Lei da Función Pública aos xulgados

**REDACCIÓN****GALICIA**[politica@xornaldegalicia.com](mailto:politica@xornaldegalicia.com)

A Asociación de Escritores en Lingua Galega leu onte un manifesto para reivindicar o idioma propio de Galicia "fronte á política de odio da Xunta que ameaza con derrubar o edificio que os séculos levantaron". Deste xeito, o presidente fundador desta entidade, Bernardino Braña, denunciou as actuais políticas do PP con respecto ao galego.

A lectura do manifesto tivo lugar diante da estatua de Rosalía de Castro na Alameda compostelana. No acto participaron escritores en lingua galega como Teresa Moure, Xabier Docampo, Rosa Aneiros ou Suso de Toro, quen manifestou que "a literatura galega é unha declaración de intencións".

O presidente da asociación, Cesáreo Sánchez, destacou a "actual ruptura do proceso normalizador", e reivindicou "o dereito a vivirmos e soñarmos o noso futuro en galego".

Tamén a Asociación Profesional da Rama Artística da Dobraxe de Galicia (APRADOGA) emitiu un comunicado no que reivindica "todas as iniciativas que contribúen a dignificación do noso idioma".

Por outra banda, a Mesa Pola Normalización Lingüística informou de que "recurrirá nos tribunais" a modificación da Lei da Función Pública levada a cabo pola actual Xunta de Galicia, ao considerar que "merma os dereitos dos ciudadáns", ao eliminar a obriga de realizar en galego unha das probas das oposiciones.

O presidente desta entidade a prol do galego, Carlos Callón, mantiivo onte unha reunión co director xeral da Función Pública, José Norberto Uzal, a quen lle trasladou o seu rexeitamento a unha modificación "sen apoio sindical nin de outras forzas políticas". Igualmente, Callón laiouse da "ausencia do galego en diferentes departamentos do Executivo". ■